

**Acta núm. 08/2024.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 30 de abril de 2024.**

ASISTENTES:

José Antonio Vidal González.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.
Non asiste: Carlos Noya Pereira.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 30 de abril de 2024, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 07/2024, DO 16/04/2024.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 5º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 6º) ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA ÁS ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN DE VERÁN DO ANO 2024.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 07/2024, DO 16/04/2024.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 16.04.2024, acta núm. 07/2024.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Manuel Cid Rodríguez, que di actuar en representación de PABLO TARRÍO GOY, na que comunica que vai construír un peche de parcela en O Cabo nº 28 – Os Ánxeles. O peche, segundo a documentación técnica asinada polos arquitectos Manuel Cid Rodríguez e Javier Rivadulla Montaña, afecta aos lindes norte, sur e leste da parcela, terá unha lonxitude aproximada de 168 ml. e farase con formigón ata unha altura de 1.20 m.

A parcela (referencia catastral 7645807NH2474N0001TJ) onde se pretende executar a obra está clasificada como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2), e en parte como solo rústico de protección agropecuaria.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 11.04.2024 (clave DH.W15.96371) e do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Cumpriranse as condicións recollidas na autorización de Augas de Galicia, de data 11.04.2024 (expediente DH.W15.96371).

- O peche deberá de revestirse e pintarse en tons claros.
- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 290,40 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 354,97 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MIGUEL ÁNGEL VILARELLE TABOADA, na que comunica que vai construír un peche perimetral de parcela en Vioxo de Arriba nº 20, Brión, coas seguintes características:

- Na fronte da parcela en contacto coa estrada provincial DP-1302 (Negreira-Urdilde), o peche situárase a 8 metros do eixo do vial.
- Nos lindes norte e sur, os primeiros 35 ml. que se atopan na parte da parcela clasificada como solo de núcleo rural, o peche farase con base ou zócalo de fábrica de bloque ata unha altura de 1,20 m. e arameira por enriba, ata unha altura total de 1,80 metros sobre a rasante natural do terreo.
- O resto do peche que se atopa na parte da parcela clasificada como solo rústico e que afecta a parte dos lindes norte, sur e a totalidade do linde traseiro, farase con base ou zócalo de fábrica de bloque e arameira por enriba ata unha altura máxima de 1,50 metros sobre a rasante natural do terreo.

A parcela (referencia catastral 1641810NH2414S0001XQ) na que se pretenden executar as obras aséntanse sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións segundo o PXOM, solo de núcleo rural de expansión, na súa parte frontal, e solo rústico de protección agropecuaria na parte traseira.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Deputación Provincial de A Coruña do 15.03.2024 (expte. 202400000296) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche frontal deberá de axustarse ás condicións impostas na autorización da Deputación Provincial de A Coruña do 15.03.2024 (expte. 202400000296) (zócalo opaco que non supere a altura 40 cms sobre a rasante natural do terreo) e a parte diáfana do peche a executar con arameira non poderá superar a altura total de 1,80 metros; postes incluído.
- A fábrica de bloque da totalidade do peche perimetral deberá de quedar revestida e pintada en tons claros, segundo disposto no artigo 91 da Lei do solo de Galicia.
- A parte cega do peche coincidente coa clasificación de solo rústico, non poderá superar a altura de 1,00 metros sobre a rasante natural do terreo.
- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 220,74 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 285,31 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por NEMESIO ANTONIO PARDO CAMPAÑA, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta de 8 m. de longo x 3 m. de ancho e 1.45 m. de profundidade en Sabaxáns nº 16 – Bastavales.

A parcela (referencia catastral 8017613NH2471N0001DS) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguinte condicións:

- A piscina situarase mínimo a 3 m. de todos os lindeiros.
- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 127,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 191,57 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SANTIAGO CAMPOS LÓPEZ, na que comunica que vai constuir un peche perimetral de parcela no lugar de Reboredo Pequeno – Bastavales. O peche que terá unha lonxitude de 120 ml., farase con fábrica de bloque revestido ata unha altura aproximada de 40-45 cm., postes metálicos intercalados e malla electrosoldada de cor verde, acadando unha altura total de 1,80 m., afastándose o linde con fronte ao camiño a 5,50 metros do eixo do mesmo, respectando o espazo de resío, de acordo coa documentación gráfica presentada polo interesado con data de 16.04.2024.

A parcela (referencia catastral 6226315NH2462N0001UW) onde se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural (SNR), dentro da área non consolidada pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2), e atópase dentro da zona de policía do rego de Perros.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia do 16.04.2024 (clave DH.W15.99634) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 243,50 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 308,07 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por EVA MARÍA ANICETO PÉREZ, na que comunica que vai construír un pozo artesán para usos privativos e dar subministro de auga potable á parcela nº 95 da concentración parcelaria de San Miguel de Boullón (polígono 501) sita nas inmediacións da aldea de Cantelar – Boullón.

A parcela (referencia catastral 15013B501000950000MY) na que se pretende construír o pozo está clasificada polo PXOM como solo rústico de protección agropecuaria (RC).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia do 16.10.2023 (clave DH.B15.83154) e dos informes da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de data 10.04.2024 (expediente: 2024/1131935) e do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O pozo afastarase a máis de 5 metros dos lindes da parcela.
- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 16,40 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 80,97 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANA ISABEL VÁZQUEZ SANTOS, na que comunica que vai construír un pozo para usos privativos e dar subministro de auga potable á parcela nº 521 da concentración parcelaria dos Ánxeles (polígono 505) sita nas inmediacións da aldea de Guisande – Os Ánxeles.

A parcela (referencia catastral 15013B505005210000MM) na que se pretenden executar as obras está clasificada polo PXOM como solo rústico de protección agropecuaria (RC), e en parte como solo rústico de protección de cauces (RR).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia do 11.09.2018 (clave DH.B15.59927) e dos informes da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de data 10.04.2024 (expediente: 2024/1129738) e do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O pozo afastarase a máis de 5 metros dos lindes da parcela, e a 4 m. do eixo do camiño.
- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 16,94 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 81,51 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Sergio Oswaldo Barral González, que di actuar en representación de TERMATEC INNOVACIÓN, S.L., na que comunica que vai instalar 14 módulos de placas solares para autoconsumo na cuberta da vivenda de Saíme 23, Bastavales, segundo a memoria técnica asinada polo enxeñeiro industrial Sergio Oswaldo Barral González.

A parcela (referencia catastral 5026712NH2452N0001XZ) onde se pretenden executar as obras emprázase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2), e atopase dentro da zona de policía dun rego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia do 27.03.2024 (clave DH.W15.97824) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 134,48 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 199,05 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por LUIS GARCÍA RIEIRO, na que comunica que vai construír un peche de parcela na Avda. de Noia nº 34, - Os Ánxeles. O peche afecta a fronte da parcela no tramo que está sen pechar, en contacto coa vía pública (Avda. de Noia) e ao lateral esquerdo; terá unha lonxitude aproximada de 11 ml., e farase a continuación do xa existente, coas mesmas características. O peche existente está executado sobre unha base de fábrica revestida con morteiro e coroado por unha reixa de fundición e con postes de formigón intercalados.

A parcela (referencia catastral 6649561NH2466N0001WD) na que se pretenden executar as obras aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza núm. 1 do PXOM (UC1)

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche deberá de afastarse a 8 metros do eixo da vía pública e a altura máxima será de 1,80 metros, non podendo superar a parte opaca do peche a altura de 1,20 metros.
- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 15,23 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 79,80 euros.

TERCEIRO-. LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico á vivenda sita en San Salvador nº 6, Bastavales, abrindo unha gabia de 59 ml. de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez en data 13.10.2023.

A parcela (referencia catastral 7625607NH2472N0001LY) emprazase dentro dun ámbito de solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2, e está afectada pola proximidade da aldea de San Salvador.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 04/03/2024 (expte. 3071/23) e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 840,20 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido por Banco Santander, S.A. e presentado no Concello o 07.05.2021, r.e. 2021000000128.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 168,04 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 232,61 euros.

CUARTO .- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por RODOLFO ALBERTO PEÑA SALA, solicitando licenza para a obras de reestruturación da cuberta dunha antiga construción e demolición dun alpendre no lugar de Gronzo nº 4 – Brión. As obras, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Pablo Castro Pais, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 31.01.2024 (expt. 2400376), consisten en:

- Reestruturación da cuberta a dúas augas dunha antiga construción tradicional, coa implantación de estrutura metálica e conseguinte cobertura de pranchas de fibrocemento e tella cerámica curva por enriba, así como a colocación de canalóns e baixantes en aluminio. Mantense o volume da antiga cuberta, que ven definido polo perfil que conforman os muros testeiros existentes. A superficie en planta da antiga edificación de dúas plantas é de 59,58 m² e unha altura de 4,57 metros.
- Demolición dun antigo alpendre que se asenta na mesma parcela, de planta baixa e de 30,73 m²., executado con fábrica de ladrillo e cuberta de fibrocemento.

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 4752905NH2445S0001PU) atópase integramente na parte de solo clasificada como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza das zonas consolidadas pola edificación (NRL-1), e atopase dentro da zona de policía dun rego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia do 18.01.2024 (clave DH.W15.96622) e dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Pablo Castro Pais, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 31.01.2024 (expt. 2400376) e as condicións impostas na autorización de Augas de Galicia do 18.01.2024 (clave DH.W15.96622).
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederáse á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos de acordo co previsto ao respecto pola vixente Lei 2/2016 (artigo 145.2)
- Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable en tódalas obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.
- Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga constar o nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación,

superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispor da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 154,87 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 250,90 euros.

QUINTO .- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Jorge Couceiro Dorelle, que di actuar en representación de AMÉRICA MILLÁN OTERO, na que solicita licenza de segregación dunha parcela sita no lugar de Caxusa – Bastavales, segundo o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico forestal Jorge Couceiro Dorelle, visado polo Colexio Oficial de Enxeñería Técnica Forestal de Galicia con data 17.04.2024 (visado nº 240070).

Descrición da parcela de orixe:

Finca rexistral nº 9813 do Rexistro da Propiedade de Negreira; que conta coa seguinte referencia catastral: nº 8410103NH2481S0001QQ.

Superficie: 4.083 m².

Lindes:

Norte: zona excluída e Ramón García Míguez.

Sur: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Leste: Soledad Míguez Ovella (1047).

Oeste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Segregación pretendida:

Lote 1 (Parcela 1046-1).

Superficie neta: 1.223 m².

Lindes:

Norte: zona excluída, hoxe parcela de María Mariño Varela e Ramón García Míguez, hoxe Ángel Vázquez García (Finca 1045).

Sur: Lote 3 de cesión a viais que a separa do camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Leste: Finca matriz (Finca 1046-matriz).

Oeste: zona excluída, hoxe parcela de María Mariño Varela e parcela segregada Lote 2 (parcela 1046-2).

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lote 2 (Parcela 1046-2).

Superficie neta: 1.113 m².

Lindes:

Norte: Zona excluída, hoxe parcela de María Mariño Varela.

Sur: Lote 3 de cesión a viais que a separa do camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Leste: parcela segregada Lote 1 (parcela 1046-1).

Oeste: Lote 3 de cesión a viais que a separa do camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Finca matriz (1.046 – matriz).

Superficie neta: 1.404 m².

Lindes:

Norte: Ramón García Míguez, hoxe Ángel Vázquez García (Finca 1045).

Sur: Lote 3 de cesión a viais que o separa do camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Leste: Soledad Míguez Ovella (1047), hoxe Rosa María González Graell.

Oeste: parcela segregada Lote 1 (parcela 1046-1).

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lote 3 (cesión a viais).

Superficie: 343 m².

Lindes:

Norte: Finca matriz (1.046 – matriz) e lotes 1 e 2 (parcelas segregadas 1046-1 e 1046-2).

Sur: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Leste: camiño e Lote 2 (parcela 1046-2).

Oeste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de 343 m² ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-.Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 258,28 euros.

Total: 258,28 euros.

SEXTO.- ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA ÁS ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN DE VERÁN DO ANO 2024.

Dada conta da proposta da alcaldía que transcrita di:

Visto o informe técnico do Departamento de Servizos Sociais do 18.04.2024 e o informe de Intervención do 24.04.2024.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, propoño á Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, a adopción do seguinte acordo:

1º) Declarar a urxencia deste acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia ás actividades de conciliación de verán do ano 2024, de acordo coa seguinte tarifa:

1. CONCILIAVERÁN:

% IPREM	IMPORTE R.P.C.	APORTAC. SOBRE PREZO	NÚMERO DE DÍAS/PREZO/QUENDA			
			5 DÍAS	11 DÍAS	10 DÍAS	7 DÍAS
0-50%	0'00-300'00 €	15%	10,90 €	23,97 €	21,80 €	15,26 €
50-100%	301'00-600'00 €	25%	18,16 €	39,96 €	36,33 €	25,43 €
100-150%	601'00-900'00 €	30%	21,80 €	47,95 €	43,59 €	30,51 €
150-200%	901'00-1.200'00 €	35%	25,43 €	55,94 €	50,86 €	35,60 €
+200%	+1.200'00 €	50%	36,33 €	79,92 €	72,65 €	50,86 €

2. CAMPAMENTOS:

% IPREM	IMPORTE R.P.C.	APORTAC. SOBRE PREZO	INFANTIL	XUVENIL
0-50%	0'00-300'00 €	10%	71,75 €	86,59 €
50-100%	301'00-600'00 €	15%	107,63 €	129,89 €
100-150%	601'00-900'00 €	20%	143,50 €	173,18 €
150-200%	901'00-1.200'00 €	25%	179,38 €	216,48 €
+200%	+1.200'00 €	35%	251,13 €	303,07 €

3º) Establecer unha bonificación do 25% sobre o prezo resultante, para segundos e seguintes participantes da mesma unidade familiar.

4º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio no BOP.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade acorda:

1º) Aprobar a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González